

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE VILALONGA

CURSO: 1º F.P.BÁSICA CBTMV01 MANTEMENTO DE VEHÍCULOS

MATERIA: PREPARACIÓN DE SUPERFICIES

DEPARTAMENTO: TMV (AUTOMOCIÓN)

DATA: 7/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 9	CENTRO: IES DE VILALONGA CURSO: 1º FPB TRANS. E MANT. VEH. MATERIA: PREPARACIÓN DE SUPERFICIES.
--	---------------	--

1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

Unidad formativa UF2-45623 Preparación de superficies	Ud.2. – Enmascaramento
Resultados de aprendizaxe	Criterios de avaliación
<p>RA2 . Realiza operacións de enmascaramento e desenmascaramento identificando e seleccionando o procedemento requerido.</p>	<p>CA2.1 - Protexéronse co enmascaramento as zonas adxacentes as que se vaian pintar, coa habilidade e destreza adecuadas.</p> <p>CA2.2 – Elixíuse o material que se vai a empregar, tendo en conta a relación entre as características funcionais do material e a superficie que se vai a enmascarar.</p> <p>CA2.3 – Identificaronse as zonas que se vaian pintar para enmascarar o que sexa estrictamente necesario.</p> <p>CA2.4 – Desenmascarouse a zona con precaución de non orixinar danos seguindo as especificacións técnicas.</p> <p>CA2.5 – Utilizáronse adecuadamente adhesivos de suxeición do enmascaramento coas precaucións pertinentes.</p> <p>CA2.6 – Colocouse o burlete na zona adecuada asegurando a hermeticidade e elixindo o diámetro adecuado.</p> <p>CA2.7 – Operouse ordenadamente con pulcritude e precisión aplicando as técnicas e os procedementos adecuados.</p> <p>CA2.8 – Comprobouse que a zona que ten que estar enmascarada sexa a adecuada e corrixíronse os fallos aplicando técnicas e procedementos adecuados.</p>
<p>RA4. Recoñece as capacidades asociadas a iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da preparación de superficies.</p>	<p>CA4.1 – Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito da preparación de superficies.</p>

<p>RA5. Realiza o mantemento e a limpeza dos equipamentos e das ferramentas do proceso de reparación de superficies aplicando os procedementos establecidos.</p>	<p>CA5.1 – Mantivéronse as instalación en perfecto orde e limpeza evitando os posibles riscos derivados do posto de traballo.</p>
<p>RA6. Realiza as tarefas en condicións de seguridade identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado.</p>	<p>CA6.1 - Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar.</p> <p>CA6.2 – Aplicáronse en todo o proceso as normas de seguridade persoal e ambiental.</p> <p>CA6.3 – Empregáronse correctamente os EPIS nas actividades.</p> <p>CA6.4 – Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies e depositáronse nos seus contedores específicos.</p> <p>CA6.5 - Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida</p> <p>CA6.6- Mantívose a área de traballo co grado apropiado de orden, seguridade e limpeza.</p>
<p>*A programación hasta o 12 de marzo estaba o 100% dada, polo que neste módulo quedaría pendente por dar na unidade formativa UF2-3045 Enmascaramento 6 horas e a unidade formativa UF3-3045 Aplicación de aparellos, masillas, imprimación, revestimentos e selladores que consta de 55 horas. Por tanto as horas presenciais dadas supoñen un 65,14% do módulo, o que faltaba por dar de forma presencial ten un peso total dun 34,86%. A partir do 13 de marzo as clases son de forma telemática</p>	

Fíxose tamén seguindo o modelo que se ten na programación didáctica respectiva

<p>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020</p>	<p>PÁXINA 4 DE 11</p>	<p>CENTRO: IES DE VILALONGA CURSO: 1º FPB TRANS. E MANT. VEH. MATERIA: PREPARACIÓN DE SUPERFICIES.</p>
--	-----------------------	--

Unidad formativa UF3-3045 Preparación de superficies	Ud.3. – Aplicacións de aparellos, masillas, imprimacións, revestimentos e selladores
Resultados de aprendizaxe	Criterios de avaliación
<p>RA3 .Aplica imprimación e aparello sobre o vehículo tendo en conta a relación entre os elementos que o compoñen e a súa aplicación.</p>	<p>CA3.1 – Relacionouse o acabado superficial co tipo de imprimación que se vaia a aplicar.</p> <p>CA3.2 – Aplicouse a imprimación anticorrosiva e antigravilla seguindo as especificacións de fábrica.</p> <p>CA3.3 – Seleccionouse o tipo de aparello segundo a capacidade de recheo necesaria no proceso de preparación.</p> <p>CA3.4 – Preparouse o aparello (Catalizador máis diluente) na medida adecuada e segundo a ficha técnica de fábrica, e describíronse os compoñentes.</p> <p>CA3.5 – Aplicouse o aparello seguindo as especificacións de fábrica.</p> <p>CA3.6 – Seleccionouse as ferramentas e os equipamentos adecuados analizando os seus elementos construtivos e explicouse o seu funcionamento.</p> <p>CA3.7 – Seguíronse as especificacións de fábrica na aplicación de imprimacións e aparellos.</p> <p>CA3.8 – Realizouse o secado, respetando os tempos e con recoñecemento das características dos equipamentos utilizados (Infravermellos, ao forno, etc..).</p> <p>CA3.9 – Lixouse o aparello utilizando os aparellos e os abrasivos adecuados para un acabado de calidade.</p> <p>CA3.10 – Correxíronse os fallos, tomando as medidas para que estes non se repitan.</p> <p>CA3.11 – Operouse ordenadamente con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e procedementos adecuados.</p>

<p>RA4. Recoñece as capacidades asociadas a iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da preparación de superficies.</p>	<p>CA4.1 – Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito da preparación de superficies.</p>
<p>RA5. Realiza o mantemento e a limpeza dos equipamentos e das ferramentas do proceso de reparación de superficies aplicando os procedementos establecidos.</p>	<p>CA5.1 – Realizouse a limpeza das pistolas na lavadora e describiuse o funcionamento desta.</p> <p>CA5.2 – Realizouse o mantemento dos equipamentos de secado por infravermellos respectando as normas de seguridade no seu emprego</p> <p>CA5.3 – Realizouse o mantemento da instalación de aire a presión (Compresor, liñas de servizo , etc...) e identificáronse os elementos construtivos funcionais.</p> <p>CA5.4 – Substituíronse os filtros do plano aspirante segundo os procedementos establecidos.</p> <p>CA5.5 – Realizouse a substitución de filtros de aspiradoras móbiles segundo as especificacións de fábrica.</p> <p>CA5.6 – Mantivéronse as instalacións en perfecto orde e limpeza evitando os posibles riscos derivados do posto de traballo.</p>
<p>RA6. Realiza as tarefas en condicións de seguridade identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado.</p>	<p>CA6.1 - Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar.</p> <p>CA6.2 - Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso</p> <p>CA6.3 – Aplicáronse en todo o proceso as normas de seguridade persoal e ambiental.</p> <p>CA6.4 – Empregáronse correctamente os EPIS nas actividades.</p>

CA6.5 – Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies e depositáronse nos seus contedores específicos.

CA6.6 - Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida

CA6.7- Mantívose a área de traballo co grado apropiado de orden, seguridade e limpeza.

*A programación hasta o 12 de marzo estaba o 100% dada, polo que neste módulo quedaría pendente por dar na unidade formativa UF2-3045 Enmascaramento 6 horas e a unidade formativa UF3-3045 Aplicación de aparellos, masillas, imprimación, revestimentos e selladores que consta de 55 horas. Por tanto as horas presenciais dadas supoñen un 65,14% do módulo, o que faltaba por dar de forma presencial ten un peso total dun 34,86%. A partir do 13 de marzo as clases son de forma telemática

2. Avaliación e cualificación	
2º Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Avaliación continua. (Puntuando en base 10 Puntos)</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Nota do exame teórico realizado o 18/02/2020 (44%) -Entrega dun traballo sobre lixas e operacións de lixado. (12%) -Entrega dun traballo sobre enmascarado. (12%) -Entrega dun traballo sobre masillas.(12%). -Valoración das prácticas feitas no taller antes do 13 de Marzo. (30%) <p>Considerarase un resultado positivo da avaliación, cando o alumno obteña unha media aritmética de 5 puntos ou superior.</p> <p>(Os alumnos teñen que ter entregados os traballos antes do día da 2º avaliación que foi o 3 de abril 2020, así como tódolos traballos anteriores ao 13 de marzo).</p>
3º Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Avaliación continua. (Puntuando en base 10 Puntos)</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Entrega dun traballo sobre aparellos. (25%) -Entrega dun traballo sobre pistolas de pintado. (25%) -Entrega dun traballo sobre oxidación, corrosión e proteccións anticorrosivas en fábrica e en reparación.(25%). -Entrega dun traballo sobre aplicación de calor para un secado das pinturas máis efectivo (infravermellos, cabina de secado, etc...) (25%) <p>Considerarase un resultado positivo da avaliación, cando o alumno obteña unha media aritmética de 5 puntos ou superior.</p> <p>(Os alumnos teñen que ter entregados os traballos antes do día da 3º avaliación así como tódolos traballos anteriores ao 13 de marzo).</p> <p>A 3º avaliación publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.</p> <p>A entrega de traballos pendentes en condicións e prazo será por vía telemática</p>
Cualificación final	<p>A avaliación final de xuño publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Avaliación continua.</p> <p>Entrega de traballos pendentes en condicións e prazo por vía telemática, de non ser posible o retorno ás aulas.</p>

<p>Cualificación final</p>	<p>De ser posible o retorno ó colexio, terá lugar un exame escrito onde haberá preguntas de tódalas unidades didácticas das que consta a programación e unha proba práctica que contará con dúas preguntas</p> <p>Criterios de avaliación:</p> <p>De ser posible a realización dun exame teórico e outro práctico nos talleres do centro a realización correcta destas dúas probas suporá un 70% da nota final. E os traballos correctamente entregados valoraranse nun 30%.</p> <p>No caso de non poder facer estas probas finais teórica e práctica no centro só se valorará a presentación correcta dos traballos solicitados.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>A nota, resultará da media aritmetica de todas as probas das avaliacións realizadas, sempre e cando sexan positivas e ten que ser igual ou superior a 5 puntos para o aprobado. (Redondeo hasta 0,5. Ejemplo puntuación de 5,4 puntos la nota sería 5 y una de 5,6 la nota sería 6)</p>
<p>Alumnado de materia pendiente e (Probas libres)</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>As probas versaran sobre as tres unidades formativas do currículo oficial.</p> <p>UF1 - Preparación de superficies 35%</p> <p>UF2 - Enmascaramento. 35%</p> <p>UF3 – Aplicación de aparellos, masillas, imprimacións, revestimentos e selladores. 30%</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>A nota, resultará da media aritmetica de todas as probas realizadas, sempre e cando sexan positivas e ten que ser igual ou superior a 5 puntos para o aprobado. (Redondeo hasta 0,5. Ejemplo puntuación de 5,4 puntos la nota sería 5 y una de 5,6 la nota sería 6)</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Proba escrita coincidentes nas datas coas avaliación ordinarias.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">-Repaso e reforzo dos temas un hasta o seis do libro de texto de preparación de superficies.-Realización e entrega dos traballos sobre aparejos, pistolas de pintado, e sobre proteccións de fábrica e en reparación contra a corrosión.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Comunicación mediante correo electrónico, abalar e mensaxería telefónica.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">-Libro dixital con licencia de Editex.-Ordenador portátil personal.-Apuntes propios.-Canal de internet.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	-Correo electrónico. -Abalar. -Páxina web do centro. -Taboleiro de anuncios.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Taboleiro de anuncios.